

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

2742 *Real decreto 169/2010, do 19 de febreiro, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas no marco do Programa nacional de reestruturación para o sector do algodón.*

O artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 637/2008 do Consello, do 23 de xuño de 2008, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e se establecen programas nacionais de reestruturación para o sector do algodón, establece as normas que regulan a atribución de fondos comunitarios aos Estados membros e a utilización dos ditos fondos mediante programas nacionais de reestruturación, mediante os cales se poderán financiar medidas específicas de reestruturación en beneficio do sector do algodón.

Pola súa parte, o Regulamento (CE) n.º 1145/2008 da Comisión, do 18 de novembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 637/2008 do Consello no que atinxe aos programas nacionais de reestruturación para o sector do algodón, dota de contido o marco xeral indicado no parágrafo anterior, mediante a aprobación de disposicións de aplicación.

Mediante este real decreto establécense as disposicións de aplicación do Programa español de reestruturación para o sector do algodón, segundo o disposto nos regulamentos citados, no que se refire aos beneficiarios das axudas, as obrigas destes, o orzamento e a contía das axudas, os requisitos das solicitudes das axudas, a tramitación das solicitudes, a coordinación e aprobación das axudas, os pagamentos destas, o seguimento e control, as comunicacións, a recuperación de pagamentos indebidos e as sancións.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 19 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto establece as bases reguladoras das axudas do Programa nacional de reestruturación para o sector do algodón, no sucesivo o «Programa», segundo o disposto no Regulamento (CE) n.º 637/2008 do Consello, do 23 de xuño de 2008, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e se establecen programas nacionais de reestruturación para o sector do algodón, e no Regulamento (CE) n.º 1145/2008 da Comisión, do 18 de novembro de 2008, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 637/2008 do Consello no que atinxe aos programas nacionais de reestruturación para o sector do algodón.

2. O Programa terá unha duración de oito anos.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Maquinaria de ripar: calquera máquina específica utilizada para a transformación de algodón sen ripar en algodón ripado e os seus subprodutos, tales como alimentadores, secadores, limpadores, máquinas de varetas, ripadoras, condensadores, limpadores de borra e prensas para pacas.

b) Elementos auxiliares: equipamento imprescindible para o funcionamento da planta de ripaxe, tal como instalacións eléctricas, de aire e de auga.

c) Instalacións de ripaxe: a maquinaria e os elementos auxiliares inherentes ao proceso de ripaxe.

d) Instalacións de ripaxe en boas condicións de uso: a maquinaria e os elementos auxiliares, inherentes ao proceso de ripaxe, cunha capacidade normal de funcionamento.

e) Centro de produción ou planta de ripaxe: conxunto das instalacións de ripaxe, as edificacións que as albergan, así como os almacéns, incluídos nun recinto fabril claramente delimitado.

f) Maquinaria agrícola específica de recolección de algodón: aquela destinada a realizar a recolección da fibra ou cápsula do algodón que pertenza a algunha das categorías de maquinaria seguintes: recolledoras automáticas de 2 ou 4 filas, recolledoras tipo *streaper*, e cargadores intermedios.

Artigo 3. *Liñas de axuda.*

As liñas de axuda serán as seguintes:

1. Ao desmantelamento total e permanente das instalacións de ripaxe.
2. Aos contratistas de maquinaria agrícola específica de recolección de algodón.

Artigo 4. *Beneficiarios das axudas e requisitos.*

1. Poderán ser beneficiarios da axuda ao desmantelamento total e permanente das instalacións de ripaxe, no sucesivo «axuda ao desmantelamento», os propietarios das instalacións de ripaxe que estean en boas condicións de uso e con respecto ás cales se concedeu a axuda prevista no capítulo IV do Regulamento (CE) n.º 1051/2001 do Consello, do 22 de maio de 2001, sobre a axuda á produción do algodón, na campaña de comercialización 2005/2006, e desmantelen total e permanentemente as instalacións de ripaxe.

2. Poderán ser beneficiarios da axuda aos contratistas de maquinaria agrícola específica de recolección de algodón, no sucesivo «axuda aos contratistas», os propietarios da maquinaria agrícola específica de recolección de algodón, xa sexan particulares ou empresas, que traballaron en réxime de contrato con cultivadores durante a campaña de comercialización 2005/2006 empregando a súa maquinaria agrícola para recoller algodón, o cal foi entregado a instalacións de ripaxe acollidas ao Programa, e sufriron perdas demostrables como consecuencia da escaseza de algodón para recoller, incluída a perda de valor da maquinaria de recolección especializada que non se poida utilizar para outros fins.

No caso da maquinaria automotriz, deberá estar inscrita no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) regulado polo Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño, sobre caracterización e rexistro de maquinaria agrícola, a nome do solicitante no ano 2005 e permanecer en situación de alta, na data de presentación de solicitudes, a nome do solicitante.

Artigo 5. *Obrigas dos beneficiarios.*

Os beneficiarios da axuda ao desmantelamento estarán obrigados:

1. Ao cesamento definitivo e total da ripaxe de algodón na planta ou plantas correspondentes na campaña de comercialización 2009/2010.
2. Ao desmantelamento de toda a maquinaria de ripar e traslado da dita maquinaria desde a planta de ripaxe, antes dun ano desde a aprobación da solicitude.

As plantas de ripaxe incluídas no Programa que o soliciten poderán iniciar as operacións de desmantelamento da maquinaria de ripar unha vez que a comunidade autónoma certifique que cumpren as boas condicións de uso conforme o disposto ao respecto pola comunidade autónoma competente.

3. Á exclusión definitiva da maquinaria de ripar do proceso de transformación do algodón na Comunidade Europea mediante o seu traslado a un país terceiro, a súa utilización garantida noutro sector ou a súa destrución.

4. A non utilizar a planta de ripaxe nin os edificios e as instalacións da planta de ripaxe, incluídos os almacéns, para actividades relacionadas coa produción, transformación ou comercio de algodón durante un período de dez anos.

5. Ao restablecemento, de ser o caso, dunhas boas condicións ambientais da instalación ou instalacións da planta, seguindo o establecido na normativa vixente sobre esta materia.

6. A facilitar a recolocación da man de obra.

Artigo 6. *Contía das axudas.*

1. O orzamento máximo anual destinado ao Programa será de 6,134 millóns de euros.

2. O orzamento total do Programa destinado á liña de axuda aos contratistas non poderá ser superior a dous millóns de euros, e executarase nos exercicios segundo e terceiro de aplicación do Programa.

3. A distribución anual do orzamento entre as distintas liñas farase conforme o establecido no Programa.

Se nun exercicio non se alcanza o orzamento destinado á liña de axuda aos contratistas, a diferenza poderase asignar á outra liña do Programa.

4. A axuda por planta de ripaxe calcularase sobre a base das toneladas de algodón sen ripar transformado nesa planta, que se beneficiou na campaña 2005/2006 da axuda á produción de algodón, segundo o recollido no Programa. O importe unitario da axuda por tonelada poderá ser como máximo de 190 €/t.

Se o importe total solicitado supera as dispoñibilidades orzamentarias globais do Programa para esta medida, o importe unitario da axuda reducirase proporcionalmente entre todas as toneladas de algodón que figuran no programa na campaña 2005/2006 para as empresas beneficiarias da axuda.

5. A axuda por contratista de maquinaria de algodón será o resultado de multiplicar as toneladas de algodón recollidas en réxime de contrato na campaña 2005/2006 e entregadas a algunha das fábricas sometidas a desmantelamento, por un importe máximo unitario de 10 €/t, e deberase comprobar que a axuda non exceda as perdas orixinadas polo descenso de superficie, de produción de algodón e de perda de valor da maquinaria de recolección especializada, avaliadas a nivel nacional tendo en conta a de produción da campaña 2005/06 e a media das campañas 2006/07, 2007/08 e 2008/09, de acordo co establecido no Programa.

Se o importe total solicitado supera as dispoñibilidades orzamentarias do Programa destinadas a esta medida, o importe unitario da axuda reducirase proporcionalmente entre todas as toneladas de algodón a que se refire o parágrafo anterior xustificadas polos contratistas beneficiarios da axuda.

No caso de que a prestación do servizo se realice por superficie, o factor de conversión será de 2 t/ha.

Artigo 7. *Solicitudes de axuda.*

1. Os propietarios de plantas de ripaxe que decidan acollerse ás axudas establecidas neste real decreto presentarán unha solicitude por cada planta de ripaxe, dirixida ao órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre a planta afectada, na cal figurarán, polo menos, os datos contidos no modelo que se propón no anexo I.

2. Os contratistas propietarios de maquinaria que decidan acollerse ás axudas establecidas neste real decreto presentarán unha solicitude, dirixida ao órgano competente da comunidade autónoma en que estea rexistrada a maior parte da maquinaria específica de recolección de algodón, na cal figurarán, polo menos, os datos contidos no modelo que se propón no anexo II.

En caso de que a maior parte da maquinaria estea formada por cargadores intermedios, presentarase a solicitude na comunidade autónoma onde o titular realizou labores de recolección de forma predominante na campaña 2005/06.

Todo iso sen prexuízo do previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A solicitude de axudas poderase tramitar utilizando medios electrónicos, de acordo co disposto no artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 8. *Prazo límite das convocatorias.*

As comunidades autónomas publicarán a convocatoria destas axudas no prazo dun mes, contado desde o día da entrada en vigor deste real decreto.

Artigo 9. *Documentación requirida para as axudas ao desmantelamento.*

Os propietarios das instalacións de ripaxe deberán presentar, con cada solicitude de axuda, a seguinte documentación:

1. Documentación que acredite a identidade e a capacidade de obrar do solicitante, así como, de ser o caso, acreditación da representación de quen actúe en nome do solicitante persoa xurídica.

2. Escritura de propiedade dos edificios e documentación que acredite a propiedade da planta de ripaxe.

3. Plan de reestruturación da empresa ripadora, no cal se detallen as instalacións e maquinaria de ripar existentes, o programa e calendario de desmantelamento e o destino previsto para a maquinaria de ripar.

4. Plano da planta de ripaxe sobre a base dun parcelario con referencias SIXPAC, no cal se sinalen o perímetro do recinto fabril a que pertence a planta e a identificación precisa de todos os edificios e elementos auxiliares principais.

5. Plan social, que recolla o establecido na normativa laboral aplicable, incluído o calendario de aplicación.

6. Plan ambiental, no cal se especifique o cumprimento da normativa ambiental aplicable, incluído, de ser o caso, o calendario de aplicación.

Artigo 10. *Documentación requirida para as axudas aos contratistas.*

Os propietarios de maquinaria agrícola específica de recolección de algodón deberán presentar, con cada solicitude de axuda, a seguinte documentación:

1. Documentación que acredite a identidade e a capacidade de obrar do solicitante, así como, de ser o caso, acreditación da representación de quen actúe en nome do solicitante persoa xurídica.

2. Acreditación da propiedade sobre a maquinaria específica pola cal se solicita a axuda.

3. Copia da ficha técnica da maquinaria específica pola cal se solicita a axuda ou documento de valor probatorio equivalente que permita a súa identificación como máquina específica de recolección de algodón e a súa identificación coa clasificación descrita na definición do artigo 2.f.

4. Copia do contrato ou documento de valor probatorio equivalente con validez no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa nos termos establecidos regulamentariamente, que acredite a realización dos traballos de recolección de algodón a produtores que entregaron algodón sen ripar a plantas que desmantelen con axuda, durante a campaña de comercialización 2005/2006; deberá figurar claramente a identificación das partes contratantes e o servizo contratado en hectáreas ou toneladas de algodón sen ripar. Para estes efectos, consideraranse como documento válido as facturas expedidas polo contratista de maquinaria, sempre e cando permitan obter os datos anteriores.

5. En caso de que o solicitante sexa unha empresa de servizos deberá presentar copia da declaración censual ou do imposto de actividades económicas.

Ademais, en caso de que o solicitante sexa unha persoa xurídica, deberá presentar copia das escrituras de constitución, así como copia das facturas polas operacións de recolección.

6. Se o solicitante da axuda é un cultivador titular de maquinaria específica de algodón entre cuxas actividades accesorias está a prestación de servizos agrarios, gandeiros e/ou forestais, de estes non superaren o 20 por cento dos seus ingresos totais, e levou a cabo labores de recolección a produtores que entregaron a ripadoras que desmantelen, deberá presentar copia completa da declaración do IRPF do exercicio correspondente, así como a documentación acreditativa da prestación do servizo.

7. En caso de que entre o contratista de maquinaria solicitante da axuda e os agricultores a que presta servizos de recolección medie unha empresa de xestión que lles facture a estes últimos, deberanse presentar tanto as facturas do tomador do servizo (cultivador) como a correspondente entre o prestador do servizo (contratista de maquinaria) e a empresa de xestión en cuestión, así como unha relación onde se reflectan as debidas correspondencias en toneladas ou superficies de algodón recollidas para as ditas facturas.

8. Certificado da entidade financeira que acredite a titularidade da conta corrente ou cartilla en que o solicitante indicou que se realice o pagamento.

Artigo 11. *Tramitación coordinada das solicitudes de axuda.*

1. A tramitación das solicitudes realizaraa o órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre a correspondente planta de ripaxe afectada ou esta rexistrada a maior parte da maquinaria específica de recolección de algodón. O dito órgano comprobará o cumprimento de todas as condicións establecidas para a percepción da axuda.

2. Se a solicitude non reúne os requisitos exixidos ou se non se lle xuntan os documentos preceptivos, requirirase o interesado para que, no prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fai, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Cada comunidade autónoma aprobará as solicitudes que, cumprindo os requisitos para a concesión da axuda, garantan con criterios obxectivos e non discriminatorios a viabilidade do sector produtor, no prazo dun mes no caso da axuda ao desmantelamento e de catro meses no caso da axuda aos contratistas, contados desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes.

4. Unha vez seleccionadas as solicitudes de axuda ao desmantelamento ou as solicitudes de axuda aos contratistas presentadas, as comunidades autónomas competentes remitirán de forma inmediata a relación das aprobadas ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que determinará e comunicará ás comunidades autónomas, no prazo dos sete días seguintes á recepción da información, o importe total máximo da axuda que corresponda a cada beneficiario, tendo en conta as limitacións orzamentarias.

Artigo 12. *Resolución das solicitudes de axudas.*

O órgano competente da comunidade autónoma ditará a correspondente resolución de concesión de axuda, indicando a contía total máxima e os pagamentos indicativos anuais durante os oito anos de duración do Programa, de acordo coa comunicación de distribución das contías efectuada polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

A resolución notificaráselles aos interesados no prazo de quince días contados desde a recepción da citada comunicación.

Artigo 13. *Anticipos da axuda ao desmantelamento.*

Poderánselle pagar ao beneficiario un ou varios anticipos. O nivel conxunto de todos os anticipos para cada beneficiario non deberá superar o 87,5 por cento da axuda total asignada nos oito anos de duración do Programa.

A solicitude de anticipo deberá ir acompañada dunha garantía por valor do 120 por cento do importe que lle poida corresponder ao beneficiario. Se a dita garantía se realiza mediante aval ou seguro de caución conterà a información recollida nos modelos previstos nos anexos V e VI, e constituirase conforme o disposto no Regulamento (CEE) n.º 2220/85 da Comisión, do 22 de xullo de 1985, polo que se establecen as modalidades comúns de aplicación do réxime de garantías para os produtos agrícolas.

Artigo 14. *Pagamento das axudas ao desmantelamento.*

1. O pagamento da axuda aprobada realizarase en pagamentos anuais distribuídos durante o período de duración do Programa.

As contías individuais calcularanse en función das dispoñibilidades orzamentarias anuais fixadas no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 637/2008 do Consello, do 23 de xuño de 2008, e no Programa, así como das solicitudes de anticipo e de pagamentos presentadas polos beneficiarios e do cumprimento das obrigas contraídas por eles.

a) Primeiro ano, campaña 2009/2010.—A partir da notificación da resolución de concesión da axuda, os beneficiarios das medidas de desmantelamento presentarán, ante o organismo pagador da comunidade autónoma que resolveu favorablemente as súas solicitudes, unha comunicación de fin de actuacións e solicitude de pagamento ou unha solicitude de anticipo da axuda.

Neste primeiro ano poderanse distinguir as situacións seguintes:

1.º Ripadoras que finalizaron as obrigas adquiridas, recollidas no artigo 5, antes do 30 de xuño de 2010.

Neste caso e ata a data límite citada, presentarán unha comunicación de fin de actuacións e solicitude de pagamento, en que figurarán, polo menos, os datos contidos no modelo que se propón no anexo III.

O pagamento da axuda estará condicionado á finalización satisfactoria dos controis previstos no artigo 16 deste real decreto, que deberán estar concluídos antes do 1 de setembro de 2010.

2.º Ripadoras que non finalizaron as obrigas adquiridas, recollidas no artigo 5, antes do 30 de xuño de 2010.

Os beneficiarios das axudas que se encontren nesta situación poderán presentar unha solicitude de anticipo, na cal figurarán, polo menos, os datos contidos no modelo que se propón no anexo IV antes do 1 de setembro de 2010 polas cantidades que lle poidan corresponder neste primeiro ano.

3.º No caso de que unha ripadora beneficiaria de axuda non presente solicitude de anticipo ou comunicación de fin de actuacións e solicitude de pagamento nos prazos previstos para iso, o importe da anualidade que lle poida corresponder neste ano distribuirase de forma proporcional entre o resto de beneficiarias que si presenten anticipos e aquelas do ordinal 1.º desta alínea a), que finalizaron satisfactoriamente as obrigas recollidas no artigo 5 deste real decreto.

4.º As comunicacións de fin de actuacións e solicitudes de pagamento presentadas con posterioridade ao 30 de xuño de 2010 non se terán en conta para a repartición da anualidade orzamentaria correspondente á campaña 2009/2010. A ripadora que se encontre nesa situación só poderá optar á axuda que lle poida corresponder neste ano se presenta unha solicitude de anticipo tal e como se indica no ordinal 2.º desta alínea a).

5.º As comunidades autónomas enviarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, antes do 15 de setembro de 2010, a información relativa a solicitudes de pagamento das entidades que superaron satisfactoriamente os controis previstos no artigo

16 deste real decreto, así como as solicitudes de anticipo presentadas e o importe das garantías que as acompañan.

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, no prazo de 7 días naturais seguintes ao da recepción da anterior información, comunicará ás comunidades autónomas o importe unitario que corresponda aboar ás solicitudes de anticipo e pagamento presentadas, tendo en conta as limitacións orzamentarias.

b) Segundo ano, campaña 2010/2011.—A distribución da axuda entre as ripadoras beneficiarias para o segundo ano, campaña 2010/2011, realizarase en función das comunicacións de fin de actuacións e solicitude de pagamentos recibidas a partir do 30 de xuño de 2010, as que cumpriron co punto 1.a)1.º, dos importes de axuda xa aboados ou pendentes da campaña precedente e da dispoñibilidade orzamentaria anual existente, tendo como referente o prazo dun ano establecido no artigo 5.2 para o desmantelamento de toda a maquinaria e o seu traslado desde a planta de ripaxe.

Efectuado o control pertinente citado no artigo 16 e cumpridas as obrigas contraídas satisfactoriamente, efectuaranse os aboamentos correspondentes ao segundo ano nun prazo non superior a cinco meses, e liberaranse as garantías presentadas como requisito necesario para os anticipos da axuda.

c) Anos sucesivos.—Unha vez verificado polo organismo pagador o mantemento dos compromisos plurianuais adquiridos tras a aprobación das axudas, efectuaranse os aboamentos das anualidades correspondentes ás ripadoras beneficiarias destas, antes do 31 de decembro de cada exercicio.

2. Non se efectuará ningún pagamento a ningún beneficiario cando se demostre que este creou artificialmente condicións requiridas para a concesión de tales pagamentos, co fin de obter unha vantaxe contraria aos obxectivos do réxime de axuda.

Artigo 15. *Pagamento das axudas a contratistas de maquinaria.*

1. Os pagamentos de axuda a contratistas de maquinaria levaranse a cabo, segundo as dispoñibilidades orzamentarias, mediante o aboamento de dous pagamentos durante o segundo e terceiro exercicio de aplicación do Programa, unha vez realizados os controis previstos no artigo seguinte.

2. Non se efectuará pagamento ningún a ningún beneficiario cando se demostre que este creou artificialmente as condicións requiridas para a concesión de tales pagamentos, co fin de obter unha vantaxe contraria aos obxectivos do réxime de axuda.

Artigo 16. *Seguimento e control.*

1. As actuacións de control serán realizadas pola comunidade autónoma en que estean situadas as instalacións obxecto de reestruturación e desenvolveranse conforme os procedementos establecidos na normativa comunitaria aplicable e neste real decreto.

2. Para a comprobación de datos de solicitudes presentadas nunha comunidade autónoma distinta a aquela en que estea rexistrada a maquinaria específica, a comunidade que reciba a solicitude comunicará á outra os datos necesarios para que esta última realice as correspondentes verificacións, cuxos resultados serán comunicados á comunidade autónoma de orixe da solicitude.

3. As empresas e contratistas que soliciten as axudas estarán obrigadas a colaborar co persoal de control que as realice e a poñer á súa disposición toda a documentación que permita o control, así como permitir o acceso á planta de ripaxe.

4. As comunidades autónomas verificarán que as solicitudes de axuda á reestruturación do algodón cumpren as condicións relativas a prazos e á presentación da documentación indicada no artigo 9 deste real decreto.

A dita documentación deberá acreditar que se trata de:

a) Persoa física ou xurídica propietaria dunha planta ripadora en boas condicións de uso, con respecto á cal se concedeu na campaña 2005/06 a axuda á produción de algodón establecida no Regulamento (CE) n.º 1051/2001 do Consello, do 22 de maio de 2001.

b) Contratista de maquinaria que traballou en réxime de contrato para a recollida de algodón na campaña 2005/2006, o cal foi entregado en ripadoras que desmantelen con axuda.

5. As autoridades competentes deberán realizar actuacións de control nas empresas que reciban axuda, mediante inspeccións para comprobar sobre o terreo que se cumpriron todas as condicións para obtela, de acordo co disposto no artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 1145/2008, da Comisión, do 18 de novembro de 2008, e en concreto para as plantas ripadoras:

a) Antes da aprobación das solicitudes avaliarase o estado da planta de ripaxe, segundo o previsto no artigo 10.3 do Regulamento (CE) n.º 1145/2008 da Comisión, do 18 de novembro de 2008.

b) No prazo máximo de tres meses despois da notificación polos beneficiarios da axuda ao desmantelamento de que cumpriron o disposto no artigo 5.

c) No prazo de dez anos desde a aprobación da solicitude efectuaranse controis para a comprobación de que o recinto fabril en que se encontra a planta de ripaxe non se utiliza para a produción, comercio ou transformación de algodón verificando, así mesmo, o cumprimento do compromiso de non utilizar o centro de produción para a ripaxe de algodón.

6. Os responsables da realización dos controis deberán efectuar un informe no prazo dun mes desde a finalización do control no cal destaquen os distintos aspectos que figuran no artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 1145/2008 da Comisión, do 18 de novembro de 2008, especificando o tipo de control de entre os definidos nas alíneas b) e c) do número anterior, precisando os distintos elementos controlados así como os resultados obtidos, conclusións e detalles de especial interese. Os ditos informes serán asinados polos responsables do control e polo interesado, o cal, en todo caso, deberá ser informado de calquera incumprimento constatado, que deberán formar parte do expediente.

Os documentos comprobados polo persoal de control deberán ser rubricados ou selados por eles. En caso de que se comprobren rexistros informáticos deberase imprimir unha copia, que se conservará en cada expediente.

Artigo 17. *Resultados dos controis.*

Con obxecto de poder valorar en cada momento o cumprimento do Programa, as comunidades autónomas informarán dos resultados dos controis ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, como responsable do seguimento do Programa.

Artigo 18. *Comunicacións.*

Segundo o disposto no Programa, as comunicacións que se realizarán durante o período de reestruturación serán as seguintes:

1. Os beneficiarios da axuda ao desmantelamento, unha vez alcanzado o cumprimento dos compromisos de desmantelamento, sociais e ambientais, presentarán a comunicación de fin de actuacións e solicitude de pagamento ao organismo competente da comunidade autónoma, xunto co informe correspondente, co obxecto de que se verifique ese cumprimento e a autoridade competente realice a inspección sobre o terreo a que se refire o artigo 16.5 b) deste real decreto e elabore o informe correspondente.

2. As empresas ripadoras beneficiarias da axuda que non finalizaron os seus compromisos deberán presentar informes parciais de execución en 15 de outubro, ata a data en que finalicen os seus compromisos de desmantelamento, sociais e ambientais. Estes informes presentaranse desde o 16 de outubro ata o 15 de xaneiro.

3. Como máis tarde o 28 de febreiro de cada ano de duración do Programa, a comunidade autónoma remitirá ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño un informe de síntese, co obxecto de que avalíe a evolución do Programa facendo referencia ás dúas liñas de axuda incluídas nel.

O dito informe especificará as accións emprendidas e os gastos realizados ata o 15 de outubro anterior. Os informes de seguimento realizados polas comunidades autónomas especificarán as accións emprendidas e os gastos correspondentes á anualidade anterior. Ademais, deberán proporcionar información sobre a evolución dos seguintes indicadores cuantitativos, sobre os cales a autoridade nacional de seguimento establecerá a avaliación do Programa:

a) Para o desmantelamento de instalacións de ripaxe:

Número de plantas desmanteladas.

Capacidade abandonada.

Distribución xeográfica dos abandonos.

b) Para os contratistas de maquinaria:

Número de máquinas polas que os contratistas percibirán axudas.

Artigo 19. *Publicidade.*

De acordo co establecido no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 1145/2008 da Comisión, do 18 de novembro de 2008, o Programa de reestruturación, as súas modificacións, o informe sobre a súa aplicación e calquera normativa nacional que lle afecte, difundirase na páxina web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Artigo 20. *Recuperación de pagamentos indebidos e sancións.*

A aplicación das sancións e a recuperación dos importes indebidamente aboados tramitaranse de acordo co establecido nos artigos 8 e 9 do Regulamento (CE) n.º 1145/2008 da Comisión, do 18 de novembro de 2008.

Disposición adicional única. *Participación das ripadoras no réxime de axudas ao algodón.*

Para preservar o equilibrio entre as fases de produción e transformación de algodón alcanzado co proceso de reestruturación, e establecer as condicións que possibiliten a viabilidade das industrias que permanezan activas tras este, é necesario regular a participación das plantas de ripaxe no réxime de axudas ao algodón durante o período de vixencia do Programa nacional de reestruturación limitando a participación a aquelas plantas de ripaxe afectadas pola reestruturación que riparon polo menos tres das catro campañas comprendidas entre 2006/07 e 2009/10.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Normativa aplicable.*

En todo o non previsto neste real decreto, a normativa aplicable será a contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para introducir as modificacións derivadas de propostas aprobadas pola Comisión a modificacións do Programa nacional de reestruturación, modificar os anexos deste real decreto de acordo coas modificacións da normativa comunitaria, así como para modificar as datas e os prazos contidos nesta disposición, de conformidade co establecido polo dereito comunitario.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

COMUNIDADE AUTÓNOMA CONSELLERÍA _____ Dirección Xeral _____	SOLICITUDE DE AXUDA PARA A REESTRUTURACIÓN DO SECTOR DO ALGODÓN - DESMANTELAMENTO REGULAMENTO (CE) N.º 637/2008 DO CONSELLO REGULAMENTO (CE) N.º 1145/2008 DA COMISIÓN	REXISTRO
N.º EXPEDIENTE <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> Para cubrir pola Administración		Pág. 1

A EMPRESA CUXOS DATOS IDENTIFICATIVOS SE SINALAN:

RAZÓN SOCIAL:		CIF	DNI	
DOMICILIO (de notificación):		<input type="text"/>		
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:			
TELÉFONO:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:		
APELIDOS E NOME DA REPRESENTACIÓN LEGAL:		CIF	DNI	NIF
DOMICILIO:		<input type="text"/>		
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:			
TLF.:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:		

DECLARA

1º.- Que é propietaria da seguinte factoría ripadora:

Denominación da factoría				
Localización da factoría				
DOMICILIO:		CÓDIGO POSTAL:		
LOCALIDADE:		PROVINCIA:		
TLF.:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:		
En caso de non estar localizada no centro urbano: localización SIXPAC:				
Provincia:	Municipio:	Polígono:	Parcela:	Recinto
Provincia:	Municipio:	Polígono:	Parcela:	Recinto
Provincia:	Municipio:	Polígono:	Parcela:	Recinto

2º Que a descrición da planta ripadora se recolle no documento A desta solicitude.

3º Que a planta ripadora participou durante a campaña 2005/2006 no réxime de axudas á produción de algodón establecido no protocolo IV da Acta de adhesión de Grecia ás Comunidades Europeas e regulado polos regulamentos (CE) n.º 1051/2001 do Consello e (CE) n.º 1591/2001 da Comisión.

4º Que reúne os requisitos para percibir a axuda con cargo á medida desmantelamento total e permanente prevista no Programa nacional de reestruturación no sector do algodón.

5º.- Que levará a cabo o plan de reestruturación, que se xunta como documento B, na forma e os prazos descritos nel que recollerá o destino da maquinaria, as eventuais actuacións sobre as instalacións e os elementos auxiliares obxecto do plan de desmantelamento.

6º.- No documento B xúntanse igualmente un plan social e un plan ambiental, segundo o previsto no Programa.

7º.- Que as instalacións de ripaxe:

- a) Se encontran en boas condicións de uso.
 b) Foron obxecto de control in situ.

8º.- Que non a utilizará para actividades relacionadas coa produción, transformación ou comercio de algodón, durante un período de 10 anos a partir do día seguinte ao da aprobación da solicitude.

9º.- Que en caso de que a totalidade ou parte da propiedade descrita no ordinal 2º sexa obxecto de primeira ou sucesivas transmisións dentro do prazo previsto no ordinal 8º, creará un gravame real, que inscribirá no Rexistro da Propiedade co fin de que a obriga prevista no dito punto se transmita ao novo propietario. Así mesmo, comunicará ao organismo pagador a identidade do novo propietario.

Dorso de descripción de maquinaria

Seccións que hai que detallar na descripción de maquinaria dos trens de ripaxe:

- A. Sección alimentadores.
- B. Sección secadores.
- C. Sección limpadores.
- D. Sección máquinas de varetas (escangalladoras).
- E. Sección ripadoras.
- F. Sección limpadores de fibra.
- G. Sección condensadores.
- H. Sección prensa de pacas.
- I. Sección maquinaria de movemento de materias.
 - i) Maquinaria de retorno de algodón sobrante.
 - ii) Maquinaria de envío de semente.
 - iii) Outros elementos para o movemento de materias (residuos vexetais, rebusco, po etc.)
- J. Outra maquinaria

COMUNIDADE AUTÓNOMA		SOLICITUDE DE AXUDA PARA A REESTRUTURACIÓN DO SECTOR DO ALGODÓN - DESMANTELAMENTO REGULAMENTO (CE) N.º 637/2008 DO CONSELLO REGULAMENTO (CE) 1145/2008 DA COMISIÓN	REXISTRO
CONSELLERÍA _____ Dirección Xeral _____			
N.º EXPEDIENTE		<input type="text"/> <input type="text"/> 0 1 <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>	Páx. 3
Para cubrir pola Administración			

RAZÓN SOCIAL EMPRESA RIPADORA	CIF	DNI
.....	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Instalación auxiliar: _____

Descrición: _____

Elementos (de ser o caso):

Elemento	Descrición, características...

Observacións _____

En _____, o ___ de _____ de 20__

Asdo.: _____

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a formalización deste documento serán tratados, en todo caso, respectando o establecido na citada lei orgánica.
--

Utilizaranse tantas páxinas como sexan precisas.
Xuntarase toda a documentación complementaria que se considere necesaria**Orixinal e segunda copia: Administración**
Primeira copia: solicitante

Páxina ___ de ___

SR. _____ – CONSELLERÍA _____

Copia da ficha técnica da maquinaria específica.

Certificación bancaria de titularidade da conta onde se solicita o ingreso da axuda.

SOLICITA

A concesión da axuda que lle poida corresponder e o seu pagamento polo algodón recollido coa maquinaria reflectida no documento A que foi obxecto de entrega na/s factoría/s ripadoras que opten por acollerse á medida de desmantelamento total e permanente do Programa nacional de reestruturación do sector do algodón, de acordo co previsto no artigo 7, número 1, alínea e), do Regulamento (CE) n.º 637/2008 do Consello, no Regulamento (CE) n.º 1145/2008 da Comisión e demais disposicións de aplicación.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a formalización deste documento serán tratados, en todo caso, respectando o establecido na citada lei orgánica.

En, o de de 2.....

Sinatura

SR. _____ – CONSELLERÍA _____

Orixinal e segunda copia: Administración
Primeira copia: solicitante

ANEXO IV

COMUNIDADE AUTÓNOMA CONSELLERÍA _____ Dirección Xeral _____	SOLICITUDE DE ANTICIPO DA AXUDA Á REESTRUTURACIÓN DO SECTOR DO ALGODÓN - DESMANTELAMENTO REGULAMENTO (CE) N.º 637/2008 DO CONSELLO REGULAMENTO (CE) N.º 1145/2008 DA COMISIÓN	REXISTRO
N.º EXPEDIENTE <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> Para cubrir pola Administración		

A EMPRESA CUXOS DATOS IDENTIFICATIVOS SE SINLANAN:

RAZÓN SOCIAL:		CIF	DNI
DOMICILIO (de notificación):	CÓDIGO POSTAL:	<input type="text"/>	
LOCALIDADE:	PROVINCIA:	<input type="text"/>	
TELÉFONO:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:	
APELIDOS E NOME DA REPRESENTACIÓN LEGAL:		CIF	DNI
DOMICILIO:	CÓDIGO POSTAL:	<input type="text"/>	
LOCALIDADE:	PROVINCIA:	<input type="text"/>	
TLF:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:	
DATOS BANCARIOS - ENTIDADE FINANCEIRA:			
Entidade:			
<input type="text"/>			
Conta			
Deberase presentar CERTIFICACIÓN exixida pola entidade financeira da conta corrente, cartilla etc.			

DECLARA

1º. Que o día _____ presentou solicitude de axuda á reestruturación do sector do algodón, desmantelamento total e permanente das instalacións de ripaxe, conforme o Real decreto _____ para a factoría ripadora (indíquese identificación da factoría) _____.

2º. Que a citada solicitude foi aceptada con data do _____, segundo Resolución da CONSELLERÍA de _____ da Comunidade Autónoma de _____, e correspondeulle unha axuda total de _____ euros.

3º. Que formalizou garantías en forma de aval bancario/seguro de caución, por un importe de _____, equivalente ao 120 % do importe do anticipo solicitado de acordo co artigo 6.2 do Regulamento (CE) n.º 1145/2008 da Comisión.

XÚNTASE Á SOLICITUDE

(márquese o que proceda cun X)

<input type="checkbox"/>	Proba da constitución de aval bancario/seguro de caución por un importe equivalente ao 120 %, anticipo solicitado de acordo co artigo 6.2 do Regulamento (CE) n.º 1145/2008 da Comisión.
<input type="checkbox"/>	Certificación bancaria de titularidade da conta onde se solicita o ingreso da axuda.
<input type="checkbox"/>	Outros (indíquese) _____

SOLICITA

O anticipo da axuda concedida polo desmantelamento da factoría ripadora indicada no ordinal 1º de acordo co previsto no Regulamento (CE) n.º 637/2008 do Consello, no Regulamento (CE) n.º 1145/2008 da Comisión e demais disposicións de aplicación, conforme os kg de algodón aprobados mediante a resolución indicada no ordinal 2º e as disponibilidades orzamentarias.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a formalización deste documento serán tratados, en todo caso, respectando o establecido na citada lei orgánica.

En _____, o de de 2.....

Sinatura

SR. _____ – CONSELLERÍA _____

Orixinal e segunda copia: Administración

Primeira copia: solicitante

ANEXO V

Cabeceira e enderezo
Entidade aseguradora

MODELO DE AVAL REESTRUTURACIÓN ALGODÓN

A entidade....., en diante avalista, con CIFe con domicilio para os efectos de notificacións e requirimentos ende....., con código postal....., debidamente representada por....., con NIF....., con poderes suficientes para obrígalala neste acto, segundo resulta da verificación da representación contida na parte inferior ou posterior deste documento.

AVALA

A....., con NIF/CIF.....e con domicilio para os efectoseuros (.....€), máis os xuros, recargas e demais gastos que, de ser o caso, se poidan producir segundo a normativa aplicable, nos termos e condicións establecidos de notificacións e requirimentos ende....., con código postal....., en diante avalado, ante....., por importe de.....no Regulamento (CE) n.º 637/2008 do Consello, no Regulamento (CE) n.º 1145/2008 da Comisión e demais regulamentos comunitarios e normativas aplicables ao Programa nacional de reestruturación para o sector do algodón.

O avalista declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 16 do Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos aprobado polo Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro.

Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa aos beneficios de excusión e división e con compromiso de pagamento no primeiro requirimento da Caixa de Depósitos de _____ que corresponda, con suxeición aos termos previstos na normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos e do Regulamento (CEE) 2220/85 da Comisión, do 22 de xullo de 1985. En caso de falta de pagamento procederase contra os seus bens mediante o procedemento administrativo de constrinximento.

Este aval será de duración indefinida, e permanecerá vixente ata que o órgano a cuxa disposición se constituía resolva expresamente declarar a extinción da obriga garantida e a súa cancelación.

Este aval foi inscrito no día da data no Rexistro Especial de Avais co número.....

Lugar e data
Razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca (avalista)
Sinaturas dos apoderados

VERIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN

Provincia:

Data:

Número ou código:

ANEXO VI

Cabeceira e enderezo
Entidade aseguradora

MODELO DE CERTIFICADO DE SEGURO DE CAUCIÓN DE REESTRUTURACIÓN DE ALGODÓN

PÓLIZA N.º: _____ CERTIFICADO INDIVIDUAL N.º: _____
A ENTIDADE _____ CON NIF/CIF _____
(en diante asegurador) e DOMICILIO (para os efectos de notificacións) en _____
RÚA/PRAZA/AVDA. _____
N.º _____ C.P.: _____ e no seu nome _____
(NOME E APELIDOS DOS APODERADOS)
con NIF: _____, con poderes suficientes para obrigala neste acto, segundo resulta da verificación da representación da parte inferior ou posterior deste documento,

ASEGURA

A _____ con CIF _____ e con domicilio para os efectos de notificacións e requirimentos na rúa/praza/avenida con nome completo e número de municipio e provincia con código postal _____ en concepto de tomador do seguro, ante _____ en diante asegurado, ata o importe de euros (en letra) _____ (en cifras) _____ euros; nos termos e condicións establecidos no Regulamento de (CEE) n.º 2220/85 da Comisión polo que se establecen as modalidades comúns de aplicación do réxime de garantías para os produtos agrícolas, en virtude do Programa nacional de reestruturación para o sector do algodón, segundo o disposto no Regulamento (CE) n.º 637/2008 do Consello, o Regulamento (CE) n.º 1145/2008 da Comisión e demais normativa aplicable, en concepto de garantía para responder das obrigas, penalidades e gastos que poidan derivar conforme as normas e demais condicións administrativas precitadas fronte ao asegurado.

A falta de pagamento da prima, sexa única, primeira ou seguintes, nin dará dereito ao asegurador a resolver o contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura do asegurador suspendida, nin este liberado da súa obriga, caso de que o asegurador deba facer efectiva a garantía.

O asegurador declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos nos artigos 21 e 22 do Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos aprobado polo Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro.

O asegurador non poderá opoñer ao asegurado as excepcións que lle poidan corresponder contra o tomador do seguro. Este seguro de caución outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa aos beneficios de excusión e división.

O asegurador asume o compromiso de indemnizar o asegurado no primeiro requirimento pola Caixa de Depósitos de _____ que corresponda e con suxeición aos termos previstos na normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos e aos establecidos no Regulamento (CEE) 2220/85 da Comisión, do 22 de xullo de 1985.

En caso de falta de pagamento procederase contra os seus bens mediante o procedemento administrativo de constrinximento.

Este seguro de caución permanecerá vixente ata que o órgano a cuxa disposición se constituía resolva expresamente declarar a extinción da obriga garantida e a súa cancelación.

Lugar e data

Razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca (asegurador)

Sinaturas dos apoderados

VERIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN

VERIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN		
Provincia	Data	Código